

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de febreiro de dous mil dezaseis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado oito de febreiro de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.--**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

**COLOCACION DE LÁPIDA CONMEMORATIVA.-**

Visto o escrito de **Don Gumersindo Rodríguez González**, con domicilio na rúa Extramuros nº 24, 2ºD, Ribadavia, no que interesa autorización para cambio de lápida conmemorativa da sepultura terrea nº 300T sita no cemiterio de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda, cos condicionantes establecidos na respectiva ordenanza, acceder ao interesado, pero recordándolle que tal colocación terá carácter provisional e non suporá dereito de propiedade sobre a devandita sepultura e que antes de proceder a colocación da lápida deberá avisar ao persoal do Concello.

**ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Don José Luis Pérez Garcia**, con domicilio na rúa Eduardo Chao nº 56, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 28-01-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Dositeo Silva Pérez**, con domicilio na estrada de Francelos nº 15, 2º, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 03-02-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

3.- Visto o escrito presentado por **Don Rubén Rodríguez Cons**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 46, 4ºE, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 04-02-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Maria Avelina Pérez Lorenzo**, con domicilio na rúa Salgado Moscoso nº 4, baixo, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial (local comercial), que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 08-02-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 30 de decembro de 2015, prestando aprobación a subvención concedida para organización de actividades físico-deportivas 2015.
- Do Consorcio Galego de Servizos Sociais, comunicando requirimento sobre deficiencias detectadas na Escola infantil de Ribadavia.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **PETICION DE SUBVENCIONS.-**

**ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.-**

O abeiro da Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**UNICO.-** Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora do vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de Ribadavia”, por importe de 121.260,38 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

### **PETICION DE SUBVENCIONS.-**

**ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.-**

O abeiro da Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**UNICO.-** Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora da eficiencia enerxética na rede de alumeadado público do parque empresarial de Ribadavia”, por importe de 26.685,58 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

**APROBACION DE PRESUPOSTO PARA CONTRATO DE ASISTENCIA E COLABORACION EN MATERIA DE INSPECCION TRIBUTARIA.-**

Visto o escrito presentado pola empresa Bona Fide Lema S.L.L., con domicilio na rúa Caeiro nº 1, Arcade (Soutomaior), relativo a realización de traballos de asistencia e colaboración na comprobación e inspección da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais a prol de empresas explotadoras do servizo de subministros o Concello de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, visto a metodoloxía do traballo e a proposta económica ofertada, acorda:

1º. Aceptar a proposta presentada cos condicionantes fixados na mesma e fixándose como prezo do servizo o 12% máis I.V.E. sobre a débeda descuberta e efectivamente ingresada nas arcas municipais, aínda que se establece que o límite máximo da cuantía a percibir será o establecido para os dos contratos menores, do artigo 138.3 do TR 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP.

2º.- Notificar o presente acordo a empresa Bone Fide Lema S.L.L..

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo a unha do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.